

**BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, DE UN CONDUCTOR/OPERADOR DE MOTONIVELADORA.**

**PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión de unha praza de Conductor/Operador de Motoniveladora, para o manexo de unha motoniveladora que presta o servizo aos nove concellos da Mancomunidad do Salnés.

As principais tarefas a desenvolver polo Conductor/Operador Motoniveladora serán:

- 1.-Conducir e manexar a motoniveladora.
- 2.-Realizar o acondicionamento de pistas, camiños, gabias, taxeas, etc... nos nove concellos da comarca do Salnés segundo o calendario establecido.

**SEGUNDO.- NATUREZA DO CONTRATO**

A contratación realizarase en réxime de dereito laboral baixo a modalidade de Obra ou Servizo determinado.

**TERCEIRO.- DAS CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES INTERESADOS/AS NA OFERTA DE EMPREGO.**

Na oferta de emprego presentada pola Mancomunidad do Salnés nos medios de comunicación, indícanse os requisitos que deben reunir os/as candidatos/as para poder tomar parte no procedemento de selección:

- a) Posuí-la nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea nos termos da lei 17/1993, de 23 de decembro.
- b) Ter acadado a maioría de idade.
- c) Ter carnét de conducir clase C e E.
- d) Ter experiencia, acreditada mediante contrato de traballo (informe de vida laboral), como condutor/operador de motoniveladoras durante un **período mínimo de 2 anos**.
- e) Non padecer doenza ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

#### **CUARTO.- MÉRITOS A VALORAR**

Será obxecto de valoración:

**A.- Experiencia profesional** (Vida laboral, contratos de traballo). Valoración da experiencia profesional en postos de traballo vencellados a condutor/operador de maquinaria para o movemento de terra, segundo a vida laboral e os contratos de traballo facilitados polos/as candidatos/as.

Esta valoración puntuarase de 0 a 10 puntos (0,5 puntos por cada ano de contrato como condutor/operador de maquinaria para o movemento de terra, ata un máximo de 10 puntos. Esta fase representará o 40% da baremación total.

#### **B.- Proba práctica sobre o manexo de unha motoniveladora**

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos e representará o 40% da baremación total.

#### **C.- Entrevista persoal.**

A entrevista puntuarase de 0 a 10 puntos e representará o 20% da baremación total.

## **QUINTO.- PRESENTACIÓN E PRAZO PARA A ENTREVISTA DE TRABALLO**

Os/as candidatos/as interesados/as en formar parte no proceso selectivo deberán presentar nas oficinas da Mancomunidad do Salnés, Rúa Nova 4 Cambados, a documentación requirida nas bases da convocatoria nos seguintes 6 días naturais contados a partir do seguinte día ao da publicación na prensa.

## **SEXTO.- SELECCIÓN DOS CANDIDATOS**

Os candidatos admitidos, provistos con DNI, presentaranse nas oficinas da Mancomunidad do Salnés, na data e hora que indique a entidade.

A selección dos/as candidatos/as realizarase por un Tribunal formado por:

- Presidente: O Xerente da Mancomunidad do Salnés.
- Secretario/a: Secretaria da Mancomunidad do Salnés ou persoa na que delegue.
- Vocais:
  - O Técnico AEDL da Mancomunidad do Salnés.
  - Un Conductor camión bacheador da Mancomunidad do Salnés.
  - Un Conductor minipala barredora da Mancomunidad do Salnés.

## **O CONCURSO REALIZARASE EN TRES FASES:**

**1ª Fase: Valoración dos méritos. A puntuación desta fase representará o 40% da baremación total.**

O devandito tribunal, á vista dos méritos alegados polos aspirantes, e de acordo co perfil da praza a cubrir, efectuará a valoración dos méritos atendendo ó

baremo incluído nas presentes bases. Esta valoración puntuarase de 0 a 10 puntos e representará o 40% da baremación total.

**2ª Fase: Proba práctica do manexo da motoniveladora. A puntuación desta fase representará o 40% da baremación total.**

Os candidatos que reúnan os requisitos esixidos nas bases da convocatoria realizarán unha proba práctica do manexo de unha motoniveladora na data, lugar e hora indicada pola Mancomunidad do Salnés.

A proba práctica puntuarase de 0 a 10 puntos e representará o 40% da baremación total.

**3ª Fase: Entrevista. A puntuación desta fase representará o 20% da baremación total.**

Unha vez realizada a proba práctica, o Tribunal convocará aos aspirantes na data, hora e lugar que se lles indique, para a realización dunha entrevista persoal que versará sobre cuestións relacionadas co perfil do aspirante, a súa experiencia profesional e as tarefas a desenvolver. A entrevista puntuarase de 0 a 10 puntos e representará o 20% da baremación total.

A puntuación final do concurso será a suma da puntuación obtida nas tres fases.

O Tribunal formulará proposta de nomeamento en favor do aspirante que obtivera unha mellor puntuación, motivando suficientemente a puntuación concedida na entrevista en canto a experiencia, formación e adecuación do candidato ó posto. Dita proposta será trasladada á Presidencia da Mancomunidad do Salnés aos efectos de tramitara correspondente contratación.

Cambados, a 26 de abril de 2016.

O Presidente

Asdo.: D. Gonzalo Durán Hermida.